

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

EMIGRACIÓN/INMIGRACIÓN

GRUPO 4: COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

MESA: Emigración / Inmigración

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1 Mellorar a cobertura socioasistencial ao máis de medio millón de galegos repartidos polo mundo e á poboación inmigrante.**
- 2 Igualdade de oportunidades, acceso ao mercado laboral e a inclusión social da poboación retornada e inmigrante:**
 - 2.1 Remover atrancos de acceso ao emprego; minimizar a presenza destes colectivos en traballos na economía somerxida.
 - 2.2 Remover os atrancos asociados á normativa sobre estranxeiría.
 - 2.3 Mellorar a homologación dos títulos, un proceso actualmente dificultoso. Maior flexibilidade na homologación das capacidades, así como unha redución de tempos para este procedemento.
 - 2.4 Impulsar plans de retorno e de inserción laboral de persoas emigrantes retornados e dos seus descendentes e inmigrantes, asociados a sectores de traballo que presentan déficit de emprego. Creación dun rexistro actualizado de postos de traballo con maior demanda no mercado.
 - 2.5 Creación de un protocolo de atención específico por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia para os traballadores retornados, así como a posta en coñecemento das empresas que estean a ofertar traballo dos beneficios para a contratación de persoas retornadas.
 - 2.6 Traballar, en materia de inclusión social, desde unha óptica que transcenda a situación legal da poboación retornada e estranxeira, favorecer a inclusión social e laboral de todas as persoas que chegan a Galicia.
 - 2.7 Conseguir unha maior flexibilidade para o rexistro como parella de feito de familias retornadas e estranxeiras que nunca residiron en Galicia, mudando o criterio da veciñanza civil polo censo nun concello galego.
 - 2.8 Conseguir unha maior flexibilidade na concesión dos permisos de traballo.
- 3 Acceso universal aos servizos públicos, tanto para os galegos e galegas do exterior que retornan a Galicia, como para o conxunto da poboación con outras nacionalidades, con independencia da súa situación administrativa. Acceso a recursos sociais (vivenda, axudas de inclusión, sanidade, discapacidade etc.) en función da situación de urxencia social.**
- 4 Igualdade no acceso á sanidade pública, gratuíta e universal.**
- 5 Fortalecer os programas de apoio para o reforzo escolar e a superación dos desfasamentos lingüísticos e traballar pola plena inclusión nas aulas.**

- 6 Traballar pola inclusión non só coa poboación foránea, senón tamén coa poboación autóctona, de cara a garantir unha convivencia integral e activa.**
- 7 Obtención de datos sobre poboación migrante para análise da súa situación laboral, social, ...**
- 8 Reforzar os mecanismos de atención ás persoas menores de idade non acompañadas.**
- 9 Mellorar o acceso á vivenda, ben a través de programas de acceso ao alugueiro (bolsas), ben a través da regularización de prezos e o impulso da vivenda pública.**
- 10 Facilitar un retorno orientado e amparado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia.**
- 11 Incrementar a poboación foránea. Facer de Galicia un lugar atraínte para residir e coa finalidade de dinamizar demograficamente a nosa comunidade.**
- 12 Potenciar a regularización das familias mixtas con cónxuxe ou fillos sen nacionalidade ou familias de descendencia española directa pero sen nacionalidade que se atopen en situación irregular así como outras persoas inmigrantes.**
- 13 Simplificar os trámites administrativos aos que deben facer fronte as persoas retornadas e inmigrantes. Unificación dos requisitos para o empadramento en todos os concellos de Galicia.**
- 14 Instar ao recoñecemento de dereitos políticos no eido local: dereito ao voto para persoas estranxeiras non comunitarias.**

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 Taxa de risco de pobreza ou exclusión social afecta a preto da metade da poboación estranxeira, multiplicando por 2,5 a taxa da poboación con nacionalidade española	A.1 Situación políticas, social e económica das economías de América	F.1 Alta motivación, interese e valor cara ao traballo da poboación estranxeira.	O.1 Loita contra a economía irregular
D.2 Nivel de formación da poboación inmigrante inferior ao da poboación galega.	A.2 Concentración espacial de persoas da mesma orixe	F.2 Rexeneración da estrutura da poboación. O 80% da poboación inmigrante ten menos de 50 anos.	O.2 Desenvolvemento de programas da Unión Europea referidos ó retorno e a inmigración.
D.3 Elevada taxa de paro da poboación inmigrante, especialmente entre as mulleres	A.3 Incerteza sobre a política migratoria a nivel nacional e europeo.	F.3 Maior taxa de actividade da poboación inmigrante tanto nos homes como nas mulleres.	O.3 Mellora e modernización dos sistemas administrativos
D.4 Alto diferencial da taxa de paro entre poboación inmigrante e galega con niveis formativos altos.	A.4 Incremento de actitudes adversas cara á inmigración na opinión pública	F.4 Preto do 50% da poboación estranxeira ten como lingua materna o galego ou o castelán	O.4 Incremento da diversidade de orixe, idades, categorías socio – demográficas.
D.5 Maior mobilidade xeográfica dos asalariados con nacionalidade estranxeira	A.5 Posibles repercusións financeiras negativas derivadas do cambio do ciclo económico	F.5 Retornados coñecen a lingua e a cultura galega. Fácil integración social	O.5 Política migratoria da UE é unha prioridade da Axenda Estratégica.
D.6 Os salarios da poboación de nacionalidade estranxeira son un 20% inferiores aos da poboación de nacionalidade española. Sen información sobre posibles efectos derivados da distinta estrutura.			O.7 Estímulo para reflexionar e concienciar socialmente sobre civismo e cidadanía
D.7 A mediana de ingresos mensuais por fogar é aproximadamente un 25% inferior nos fogares onde o sustentador principal é estranxeiro.			O.8 Importante contribución dos retornados ó reto demográfico
D.8 Máis do 50% da poboación estranxeira non ten como lingua materna o galego ou o castelán			O.9 <i>Know-how</i> das persoas retornadas pola súa experiencia vital noutros países
D.9 Dificultade para a regularización administrativa			O.10 Iniciativa emprendedora das persoas retornadas

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.10 Dificultades administrativas para a homologación de títulos e convalidacións			
D.11 Baixa dispoñibilidade de información sobre certos aspectos da poboación inmigrante: marxinación, segregación escolar, irregularidade,....			